

BANDO

SAN XOÁN 2025

D. Francisco Xabier Castro Tourís, alcalde-presidente do Concello de Dodro.

FAI SABER

Que as fogueiras que sexan realizadas en terreos particulares e a aquelas autorizadas nos terreos municipais delimitados, o día 23 de xuño, a partir das 18.00 horas, as cales deberán quedar perfectamente apagadas antes das 06.00 horas do día 24 de xuño.

- Unicamente poderán ser realizadas aquelas fogueiras que teñan efectuada a **COMUNICACIÓN**, por escrito ao Concello de Dodro, acompañando DNI do responsable. Estas **COMUNICACIÓNS** só se poderán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou no Rexistro Electrónico desta entidade, por persoas maiores de idade **ata o 20 de xuño de 2025**, séndolle de aplicación o disposto neste Bando. As cacharelas poderán realizarse unicamente o **23 de xuño e madrugada do 24**.

-Queda prohibido realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuario, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente.

-Que esta prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), e en xeral, calquera substancia que ao arder desprenda gases ou fumes tóxicos.

-O cumprimento destas normas poderá ser comprobado polo Servizo de Prevención e Emerxencias (PC) e/ou por Axentes Forestais do Distrito Forestal IV, que darán conta das incidencias/infraccións detectadas.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento

En Dodro, 11 de xuño de 2025

Francisco Xabier Castro Tourís

COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2025 (a noite do 23 de xuño do 2025 á madrugada do 24 de xuño do 2025)

Aviso: Esta comunicación debe presentarse xunto co DNI do responsable para a súa comprobación

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre o **responsable dos danos e prexuízos que esta ocasione**

RESPONSABLE DA FOGUEIRA	
DNI	NOME E APELIDOS
ENDEREZO	
PARROQUIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

COMUNICA:

A realización dunha fogueira na noite do 23 de xuño á madrugada do 24 xuño que se realizará en:

DATOS DA FOGUEIRA
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias)

E comprométese a cumprir as seguintes normas:

- As persoas, organización ou comunidade que desexen realizar unha fogueira deberán comunicalo por escrito ao Concello de Dodro, acompañando DNI do responsable. Estas comunicacións só se poderán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou no Rexistro Electrónico desta Entidade, por persoas maiores de idade, dende a data de sinatura correspondente bando informativo ata o 20 de xuño de 2024, séndolle de aplicación o disposto. As cacharelas poderán realizarse unicamente o 23 de xuño e madrugada do 24. O representante será o responsable do cumprimento das presentes.
- Queda prohibido realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuário, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente.
- Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.

- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.

- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.

- Deberán terse á man medios adecuados para a extinción do lume.

- O montón de materiais que forme a cacharela non poderá exceder de 2 metro de altura e 3 de diámetro.

- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), debido aos gases tóxicos que produce a súa queima.

- Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.

- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.

- O cumprimento destas normas poderá ser comprobado polo Servizo de Prevención e Emerxencias-Protección Civil e/ou por Axentes Forestais do Distrito Forestal IV, que darán conta das incidencias/infraccións detectada

Asdo.:

Dodro de de 2025

ALCALDE DO CONCELLO DE DODRO